



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE MAIO DE 2015</b>
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira  
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE  
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
concelleiro

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

FALTAN Á SESIÓN

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de maio de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE ABRIL DE 2015.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 20 DE ABRIL DE 2015.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 27 DE ABRIL DE 2015.

4º.- CAMBIO DE FINALIDADE DE CATRO PRÉSTAMOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-04-2015.

5º.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 1/A/2015 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 14/2015); SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-04-2015.

6º.- ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-04-2015.

7º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.

8º.- CATÁLOGO DE SECTORES PRIORITARIOS A EFECTOS DE PROCEDER A CONTRATACIÓNS DE CARÁCTER TEMPORAL OU NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.

9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR MUNICIPAL D. JOSÉ MIGUEL FIGUEIRAS DURO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.

10°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR MUNICIPAL D. PABLO SILVA VILLAR; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.

#### B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

11°.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 1 E 30 DE ABRIL DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

12°.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** Benvidos a todos e a toda, benvidas e benvidos á sesión ordinaria do Pleno correspondente ao mes de maio.

#### A) PARTE RESOLUTORIA

##### 1°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE ABRIL DE 2015.

**Sr. Alcalde:** A Orde do Día desta sesión plenaria na primeira parte, que é a parte resolutoria, o primeiro punto é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 9 de abril de 2015. Non sei se hai algunha alegación ou cuestión á acta?. Si non hai ningunha cuestión aprobámola por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 9 de abril de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

##### 2°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 20 DE ABRIL DE 2015.

**Sr. Alcalde:** O segundo punto é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o 20 de abril de 2015. Algunha alegación?. Apróbbase por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 20 de abril de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

##### 3°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 27 DE ABRIL DE 2015.

**Sr. Alcalde:** O punto número tres é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o 27 de abril de 2015. Non sei se hai algunha cuestión a esta acta?. Aprobámola tamén por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 27 de abril de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

##### 4°.- CAMBIO DE FINALIDADE DE CATRO PRÉSTAMOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-04-2015.

**Sr. Alcalde:** O punto número catro é o cambio de finalidade catro préstamos, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 30 de abril de 2015.

Por favor, rogaría ao público asistente que mantivese silencio e que permitise desenvolver esta sesión con total normalidade, grazas.

Ten a palabra para tratar este asunto, este punto número catro, D. Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda.

**Sr. Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda:** Ben, boas tardes. Sendo urxente o inicio da tramitación do expediente de expropiación de terreos para a ampliación da Alameda municipal e poñer en marcha as actuacións previstas para o primeiro cuatrienio de execución do PXOM da Estrada, polo que se produce, tras varios desestamentos, unha modificación de catro créditos que figuran no expediente por un importe total de 1.125.000 euros.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas grazas Sr. Blanco. Algunha intervención?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Dna. Belén Louzao, Concelleira do PSdeG-PSOE:** Ben, en primeiro lugar dicir que o que se xustificaba como urxente desenvolver o suelo da Alameda en ampliar a Alameda, desde logo non o entendemos, como tampouco entendemos que se traían os asuntos que se traen na Orde do Día a esta sesión, unha última sesión da actual Corporación municipal e que vai a tomar decisións trascendentais para o futuro deste Concello, non solo económica e orzamentariamente, senón que tamén van a complicar dalgún xeito a xestión das vindeiras corporacións municipais. Por iso dicir que non entendemos que se traían estes asuntos a esta sesión plenaria.

Dicir tamén que non vamos a apoiar o cambio de finalidade destes préstamos. Estamos a falar de 1.125.000 euros que saen, entre outras cousas, de ter desatendido ao longo desta lexislatura ao rural, tal e como se recolle na finalidade para que foron pedidos un importante importe do mesmo; 1.125.000 euros que, tal e como nos di o propio documento do Plan Xeral, non vai a ser suficiente para a finalidade que vostedes nos están dicindo que é. Polo tanto estamos falando de que estamos intentando novamente por parte do grupo de goberno enganar aos veciños e veciñas, enganalos porque xa non solo pretenden cambiar de xeito esperpéntico na última sesión plenaria estes diñeiros que non se utilizaron cando correspondía para facer o que correspondía, como dixeran antes, en moitos casos atender ao rural, algo que non se fixo nestes últimos catro anos, senón que ademais o que se pretende facer con eles é hipotecar o futuro dos estradenses; porque non esquezamos que agora mesmo o Concello da Estrada ten reclamacións patrimoniais pendentes, ten o Plan Xeral no Tribunal pendiente de sentenciar se é legal ou ilegal, e queremos añadir máis dificultades á xestión municipal, porque non agardamos a que se resolvan estas cuestións antes de tomar outras decisións que compliquen e comprometan ao Concello da Estrada. E xa non solo iso, senón que se xustifica en que hai que executar o primeiro cuatrienio do desenvolvemento do Plan Xeral. Como dicimos, agardemos que se resolva a situación do Plan Xeral á maior brevidade, pero tamén por que non empezamos a desenvolver outras necesidades que ten o Plan Xeral, solo industrial entre outras cousas, que tamén é prioritario e que, dende logo, as familias tamén o agradecerán moito máis, porque non esquezamos que o paro na Estrada está en cifras históricas cas 2.000 persoas desempregadas segundo os últimos datos.

Pois, dende logo, non podemos apoiar este cambio de finalidade destes préstamos porque, como dicimos, A Estrada ten outras prioridades e eso será o que o grupo socialista vai a apoiar, o que os veciños e veciñas necesitan, en estar ao seu lado, non, dende logo,

facen cousas que o que fan é comprometer orzamentariamente ao Concello da Estrada. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas grazas Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños, Concelleiro do BNG:** É curioso o concepto que ten de urxencia o Partido Popular. Está claro que o que se nos trae aquí non é a urxencia, non ven motivada, porque o Partido Popular queira empezar a desenvolver o Plan Xeral, neste caso cunha actuación que, dende logo, é todo menos prioritaria, como é a ampliación da Alameda. A urxencia ven motivada polo 24 de maio, é dicir, de aquí a 15 días, esa é simplemente a verdadeira urxencia que ten o Partido Popular, que ten que demostrarlle aos veciños e veciñas que valeu para algo que durante estes catro anos estivesen pagando impostos e non vendo en que se invertían os seus diñeiros. Dende logo a situación en que deixou o Partido Popular as infraestruturas do rural estes catro anos ben falan delo. A situación na que investeu, os criterios que sigo para investir os impostos que lle recababan aos veciños e veciñas é un claro exemplo de obra interesante de que vai a poñer á Estrada no camiño, na senda da recuperación económica, por exemplo o campo de fútbol, aí está verdadeiramente a urxencia do que se nos presenta hoxe aquí, en que ten que presentar algo ante os veciños e veciñas da Estrada de por que durante catro anos estiveron pagando impostos e non vían para que.

Desde logo a obra para a que se quere adicar non é a prioridade que teñen os veciños e veciñas da Estrada, hai outras necesidades. Falaba aquí na Providencia da Alcaldía de que é unha demanda histórica, demanda histórica tamén é descentralizar as zonas verdes, a creación de aparcamentos en superficie ou a ampliación do Polígono Industrial; pero está claro que ao Partido Popular so lle interesa unha parte da historia e, en todo caso, non ten complexo ningún en inventarse unha que lle sirva aos seus intereses, neste caso que lle permita presentar ante os cidadáns do noso Concello cun pouquiño de dignidade ante tantos incumprimentos que se fixeron ao longo destes catro anos non?, subida de impostos, despilfarro dos cartos públicos, falta de negociación con outras administracións, etc, etc; e aí está a necesidade, a urxencia de quen ten que lavarse a cara dalgunha maneira

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños, moitas grazas. Bueno, creo que estamos ante unha decisión que eu creo que se pode calificar de histórica non?, eu creo que son moitas as corporacións municipais, son moitas as persoas que nun momento o outro manifestaron a súa oposición en relación ao tema dos xardíns. Eu estou convencido que é unha cuestión que non deixa a ninguén indiferente, a ninguén!; e ademais non deixa a ninguén indiferente porque é unha cuestión que, ao igual que o Plan Xeral, se leva devatindo, se leva analizando, posiblemente si tiramos de hemeroteca, máis de vinte anos non?. Eu creo que a nadie se lle escapaba que ese debate estivo ou está e estará na rúa, a finalidade que un Concello, a capacidade de visibilidade estratéxica que teña unha corporación municipal para intentar preservar o único espazo que ou calificaría como corazón da Estrada, o corazón da vila da Estrada, está hoxe en día no entorno, do elemento, no entorno máis privilexiado que temos no noso concello que é esta Casa Consistorial, é o Teatro Principal, a Casa das Letras, é a Plaza de Galicia, os Xardíns Municipais..., e digamos que temos a sorte ou a fortuna de que a historia nos permitiu ter liberados os terreos do que hoxe é día pode ser a futura ampliación da Alameda e non foron tristemente edificadas, sin que con esto quera dicir que os propietarios teñan o seu lexítimo dereito a ter, evidentemente, o retorno económico correspondente pola súa propiedade non?. Pero tivemos a sorte de que nunca foron construídos, tivemos a sorte de que quedaron vacantes de

edificación e hoxe en día eu creo que é a peza máis codiciada, a peza máis cotizada dun valor incalculable para as xeracións futuras e futuro da nosa vila dende o punto de vista urbanístico. Creo que a nadie se lle escapa, podemos falar de que ao mellor pode ser o momento ou pode ser a oportunidade, ou non, pero creo que a nadie se lle escapou, creo que en distintos momentos destes vinte anos hubo partidos políticos que como primeira condición para o pacto, para o suposto pacto, que despois, evidentemente, todos sabíamos que iban facer outra cousa, pero no goberno de Ramón Campos a primeira condición que puxo o BNG para apoiar o Plan Xeral naquel momento, foi o compromiso expreso de que esos terreos foran públicos para a expropiación dos Xardíns municipais, o primeiro, o primeiro compromiso que poñía enriba da mesa o BNG naquel momento para poder chegar a un acordo co Partido Popular dun voto favorable ao PXOM.

Polo tanto creo que esa cuestión non é opinable, esa é a realidade, están as hemerotecas, esa historia aí para refrescarlles a memoria. Igual que no seu momento o Partido Socialista tamén valorou esa opción e ao final pasou dunha ampliación dos Xardíns a permitir construír dúas torres gemelas no entorno dos xardíns non?, esa foi a evolución que levou un Partido Socialista que normalmente vai dando bandazos e nunca se sabe ben o lugar onde está.

Por eso, si falamos de oportunismo político, creo que neste caso os dous grandes oportunistas políticas son o Partido Socialista e o BNG, que, por motivos exclusivamente electorales, cambian a versión dos feitos e da historia, exclusivamente por ese interés, nada máis e nada menos, e eu creo que son moitas as persoas que entenden que esta vella aspiración social da Estrada de adquirir esos terreos que van a duplicar o espacio destinado a zonas verdes e espacios públicos no corazón da Estrada, ten un valor incalculable. Eu non sei canto pode ser o valor que ten, o que si sei é que nós fixemos os deberes, fixemos o traballo, hai un informe técnico avalado por un Técnico municipal por suposto, que redactou un proxecto de expropiación, e nese proxecto de expropiación inclúe unha valoración económica, e esa é a valoración económica á que nós nos ceñimos para facer o expediente de expropiación, como non pode ser doutra maneira non?. Ese expediente vai a ser aprobado despois desta modificación orzamentaria, e eso vai a permitir que a Estrada siga medrando e siga ambicionando novos espacios. A min me causa certa sorpresa escoitar da oposición que foi goberno, e a memoria hai que tela fresca, que falen de descentralizar zonas verdes, pois se contrapoñemos os metros cadrados de zona verde deste goberno con respecto ao goberno anterior gañamos así aproximadamente un millón a cero; temos o parque, o parque, a primeira zona verde, o parque da zona infantil da Avenida de Santiago que fixo este goberno, temos a reforma integral da carballeira municipal que fixemos co Obradoiro de Emprego este goberno, temos a creación do novo parque exterior da zona deportiva (máis de catrocentos cadrados de nova creación) que fixo este goberno, temos un desenvolvemento urbanístico de iniciativa privada que vai a ceder e vai aportar ao patrimonio de todos os estradenses máis de cinco mil metros cadrados de zonas verdes e espacios públicos; bueno, todo isto, e por outro lado catro anos de bipartito que foi?, cero, cero metros cadrados de zonas verdes. Entonces, que veñan a reprocharlle a este goberno esta situación parece, cando menos, de risa non?. Que falen de aparcamentos en superficie?, ja!, pero si acabamos de poñer a disposición duascenas prazas de aparcamento no entorno da Casa Consistorial, e de facer unha Ordenanza de zona azul que regulou o aparcamento dunha vez por todas e que o propio comercio aplaude pola súa xestión; e foi este propio goberno o que tomou a decisión para resolver o problema histórico da solución do aparcamento en superficie desta vila. Pero, en que vila viven vostedes?, eu entendo que lles coste velo, porque claro, vostedes teñen un concepto de ser oposición desaparecendo catro anos da vida de todos os estradense, pero os que estivemos aquí, escoitando os seus problemas, intentando buscarlles solución, sabemos

da realidade, do difícil que é, a veces, transformar a vila. Pero eu creo que durante estes catro anos se fixeron cousas moi importantes nesa dirección, e poden criticar a este goberno por moitas cousas, pero por zonas verdes e aparcamento en superficie, exactamente me parece que non, e os datos son incontestables non?.

Cando falamos de argumentos como o Partido Socialista, o paro en cifras históricas, pois mire, temos dez parados menos que cando vostedes deixaron A Estrada, 1.953 parados, vostedes a deixaron con 1.963 parados, dez parados menos que cando gobernaban vostedes; esa é a realidade, a realidade en cifras publicadas nesta mesma semana nos periódicos e na páxina oficial da Xunta de Galicia, dez parados menos que cando gobernaban vostedes; esa é unha realidade incuestionable!. Cando falan de hipotecar o futuro, hombre, tendo en conta o concepto que teñen vostedes de xestión pública, eu creo que invertir para comprar o corazón da Estrada, a diferenza de malgastar 1.800.000 euros e deixalos en facturas nos caixóns, eu creo que a diferenza, na miña humilde opinión de xestor público, entre facer unha inversión rentable socialmente, unha inversión a futuro para as próximas xeracións das que se van a sentir orgullosos as xeracións futuras, a deixar 1.800.000 euros de pufos nun caixón e que teñan que pagar os que veñan detrás, a diferenza é a incapacidade que teñen vostedes de dar leccións éticas en canto á xestión de recursos públicos. Eu creo que non teñen a máis mínima lexitimidade para dar leccións, cando vostedes deixaron en bancarrota esta administración e nós vamos a deixar unha administración que vai a comprar uns xardíns municipais, a ampliación duns xardíns municipais, que ten un superávit de máis de un millón de euros, que ten menos endebedamento de cando gobernaban ustedes, que ten un Concello que ten as contas totalmente saneadas, que paga aos seus provedores en menos de trinta días e que non ten nin unha soa factura pendente de pago. Pois é a realidade da diferenza de xestión entre uns e máis outros, entón, leccións a este goberno de hipotecar o futuro ou de capacidade de xestión, me parece que está claro, que o digo eu e o dixeron os cidadáns fai catro anos cando lle deron o pase do goberno á oposición e, fundamentalmente, por ese grande problema na xestión pública que teñen vostedes, son incompatibles!, a vostedes lles costa compatibilizar a política con entender que a política é xestionar con rigor e con eficiencia, e a veces eso lles leva a facer como mal pagador, gastan máis do que teñen, pero bueno, non pasa nada, despois xa virán os outros para arreglar os seus problemas. Así que eu creo que temos a solvencia, si a min o goberno anterior houbera deixado dous millóns de euros de remanentes como lles quedou a vostedes do goberno anterior, e houbera gastado en cuchipandas, en festas e "rock and clound", entón seguramente me permitiría que me deran vostedes leccións do diñeiro que vostedes me deixaron, pero vostedes como deixaron 1.800.000 euros de pufo, este goberno tivo que pagar e por encima aforrar para comprar a ampliación dos xardíns e deixar o Concello saneado con máis dun millón de euros. Pois, como comprenderán, despois dese esforzo que fixo toda a cidadanía estradense, eu creo que o mellor que se pode deixar en patrimonio é ese espazo único, incuestionablemente único, no corazón estratéxico da nosa vila, por eso a situación á que chegamos hoxe nos permite facer estas modificacións orzamentarias, nos permite consignar e consolidar 1.600.000 euros que aínda a algún vamos que traerllos en billetes e poñerllos diante para que os vexan, porque algún sigue dicindo que non existe ese diñeiro cando a Interventora municipal vai a certificar que existe, tamén seguirán dicindo que non existe, é a teoría da negación absoluta, hai que negalo todo para que parezca que non é verdade, pero é a realidade e nós vamos a ter aquí 1.600.000 euros para iniciar o proceso de expropiación, para pagar aos propietarios o que fixa a valoración do proxecto realizado por técnicos municipais e, a partir de aí, poden pasar dúas cousas, pode pasar que os propietarios se den por satisfeitos por valor acadado, ou pode pasar que non estén satisfeitos e decidan acudir a un Tribunal,

ao Tribunal de Xustiprecio e sexa o Tribunal de Xustiprecio o que estableza a valoración definitiva e o Concello, evidentemente, no seu momento terá que acatar o que diga ese Tribunal, que pode validar o que din os nosos técnicos municipais ou poden non facelo non?. Pero, desde logo eu creo que, digamos, ese risco está medido, está cuantificado, cremos e estamos convencidos de que este goberno ten a capacidade suficiente para acometer ese tema, outra cousa é que veñan outros mañán e se volvan a gastar o diñeiro en cuchipandas e en trangalladas e en festivales de douscentos mil euros para traer aquí grupos para catro amigos non?, si eles se dedican a facer ese tipo de xestións, seguramente non sexan capaces de asumir os seus compromisos e as súas responsabilidades. Este goberno, como actúa con rigor e actúa con seriedade, vai a ser quen, por suposto, de facer non solo esto eh?, cando dicía o Sr. Magariños que o Plan Xeral tiña que empezar a desenvolverse, xa lle digo Sr. Magariños leva (ao igual que o Sr. Portavoz, Sr. Dono) moi alonxado da realidade deste pobo, moitísimo, leva catro anos desaparecido deste pobo, porque o Plan Xeral....

**Sra. Belén Louzao:** Perdón, por favor, unha cuestión de orde...

**Sr. Alcalde:** Cando remate..., cando remate xa lla darei. O Plan Xeral leva desarrollándose con total normalidade e temos o desarrollo da Baiuca, o desarrollo dos Xardíns municipais, o desarrollo privado da Avenida de Pontevedra (máis de corenta mil metros cadrados de desarrollo urbanístico), vamos a comprometer (e o temos comprometido) o desarrollo de dous ámbitos de solo de iniciativa pública (....) de solo industrial en Toedo e empezaremos o desarrollo administrativo da primeira ampliación pública de solo industrial en Toedo. Si vostede di que eso é non ter o Plan en movemento, pois bueno, eu creo que temos unha diferenza clara e substancial do que é a xestión pública non?. Por eso cando facemos esta modificación presupostaria porque temos o diñeiro necesario para poder facela, temos o compromiso de facelo e temos, desde logo, a lexitimidade para poder facelo.

Sra. Louzao, ten vostede a palabra.

**Sra. Belén Louzao:** Gustaríanos que nos aclarase a Sra. Secretaria, si fai o favor, cal é o obxecto do debate deste punto, porque vendo o seu argumentario non sei se estamos debatindo o cambio de finalidade dos préstamos o cal é o obxecto deste debate, por iso lle pido á Sra. Secretaria que estamos a debater, por favor.

**Sra. Secretaria Xeral, Dna. Lucía Artime Alonso:** É o cambio de finalidade dos préstamos.

**Sr. Alcalde:** Eu, por suposto, dentro da miña.....

**Sra. Belén Louzao:** Gracias Sra. Secretaria.

**Sr. Alcalde:** ... da miña capacidade de Concelleiro e Alcalde, me levan a contestar o que ao millor non lle gusta a vostede, que lle conteste ás mentiras que di vostede non?. Evidentemente eu teño que poñer en contraposición....

**Sra. Belén Louzao:** Disculpe Sr. Alcalde, falaba coa Sra. Secretaria, porque vostede... é unha cuestión de orden, non me referín a vostede e non ten que responder nada, soamente estaba pedindo unha cuestión de orden, gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, eu teño que poñer en contraposición...

**Sra. Belén Louzao:** Gracias por retirarma tamén.



**Sr. Alcalde:** ... as súas cuestións en relación ás que eu creo que son de xusticia e, evidentemente, hai que trasladarlle á cidadanía a realidade das cousas non?. A imaxe máis fiel e máis real posible do que está a acontecer. Así que si lles parece, si quere vostede a palabra Sr. Dono tamén a pode ter, si non ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Simplemente unha aclaración. Falaba da zona verde de iniciativa privada e eu estábamos preguntando se refería á zona verde do desenvolvemento do LIDL, se era esa zona verde, esa zona abandonada, non me quedou claro a que zona verde de iniciativa privada se refería, non me quedou claro.

E cando falaba dos postos de traballo, tamén me entrou a dúbida de si se refería a este Plan que sacou agora fai un mes, mes e algo, a Deputación para evitar... para poder sacar unha boa cantidade de persoal das listas do paro para ter un mínimo de dignidade, como xa dixen, para presentarse ás eleccións.

Haber si me aclara esos dous puntos.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños. Creo que xa se contestou vostede, non creo que esté vostede en contra dos plans de emprego de ningunha administración, non creo que esté vostede en contra deso e nin estará en contra da necesaria iniciativa privada de desenvolvementos urbanísticos, eu creo que é bo, xa sei que vostedes ven algún problema, pero é bo que veñan empresas a invertir na Estrada, hai moito tempo que eso non acontece e eu me sinto especialmente orgulloso de que así sexa non?, de que unha empresa andaluza veña coa intención de invertir vinte e seis millóns de euros na Estrada cun proxecto comercial importante e coa posibilidade de desenvolver un número importante de vivendas.

**(apupos)**

**Sr. Alcalde:** Esa creo que é... debe de ser ben recibido e, desde logo, é un proxecto que eu creo que dá esperanza e ilusiona a moita xente e, por suposto, a min tamén, así que esperemos que sexa un éxito, aínda que sei que algúns lles gustaría que fose un fracaso, porque do fracaso colectivo intenta sacar os beneficios particulares non?, eu creo que eso ten as patas moi cortas e creo que hai que ter máis amplitude de miras.

Votamos polo tanto, si lles parece, o cambio da finalidade destes catro préstamos, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda. Votos en contra?, abstencións non hai, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8) e do BNG (1), o seguinte **ACORDO:**

Visto que é urxente tramitar o expediente de expropiación de terreos para a ampliación da alameda municipal e poñer en marcha as actuacións previstas para o primeiro cuatrienio de execución do PXOM.

Visto que existen desistimentos na execución dos gastos nas seguintes aplicacións financiadas cos préstamos e polos importes sinalados en cada caso:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TOTAL INVESTIMENTO	TOTAL DESESTIMENTO	CAMBIO DESTINO CAIXANOVA, 2005	CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2012	CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2013	CAMBIO DESTINO BBVA 2014
151.600.22.00	Expropiación de Terresos PXOM e outros	125.000,00	125.000,00		125.000,00		
151.609.22.03	Inv. Nova. Infraestruc.e Bens Uso Xeral. PXOM	500.000,00	330.000,00		330.000,00		
151.609.23.03	Inv. Nova. Infraestruc.e Bens Uso Xeral. PXOM	300.000,00	300.000,00			300.000,00	
151.619.24.00	Outros Investimentos en Infraestructuras. Proxectos mellora Entorno Rural	200.000,00	200.000,00				200.000,00
231.0.622.25.00	Inv. nova. Edificios. Serv. Sociais.	15.000,00	15.000,00	15.000,00			
450.0.610.24.00	Inv. Reposic. Proxectos pav. Vías urbanas	20.000,00	20.000,00				20.000,00
450.0.610.24.01	Inv. Reposic. Proxectos pav. Vías Rurais	130.000,00	88.016,80				88.016,80
450.0.610.24.04	Inv. Reposic. Humanización Rúas	60.000,00	41.226,66				41.226,66
930.641.24.00	Inv. Novo. Programas informáticos. Serv. Económicos	15.000,00	5.756,54				5.756,54
	TOTAL.....		1.125.000,00	15.000,00	455.000,00	300.000,00	355.000,00

Visto que os cambios de destino afectan aos seguintes contratos de préstamos concertados:

- CAIXANOVA (ABANCA), (nº de referencia 0031.0540168840, nova numeración 0031 0540171086) segundo contrato asinado con data do 24 de agosto de 2005, por importe de 682.910,12 €, para o financiamento dos investimentos incluídos no anexo dos orzamentos de 2005.
- CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" (nº de referencia 9620-312-312886-92) segundo contrato asinado con data do 11 de outubro de 2012, por importe de 760.000,00 €, para o financiamento dos investimentos incluídos no anexo dos orzamentos de 2012.
- CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" (nº de referencia 9620-312-738712-95) segundo contrato asinado con data do 25 de xuño de 2013, por importe de 550.000,00 €, para o financiamento dos investimentos incluídos no anexo dos orzamentos de 2013.
- BANCO BIIBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A. (nº de referencia 95-5027-3931) segundo contrato asinado con data do 29 de decembro de 2014, por importe de 530.000,00 €, para o financiamento dos investimentos incluídos no anexo dos orzamentos de 2014.

Visto que, co obxecto de proceder á aplicación das economías indicadas, se procede á apertura do correspondente expediente de modificación de finalidade de préstamos.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 28-04-2015.

Vista a Proposta da Alcaldía-Presidencia de 28-04-2015.

Visto o informe emitido con data 28-04-2015, pola Intervención municipal.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 30-04-2015.

#### **ACORDAMOS:**

Apróbanse as seguintes modificacións de finalidades dos préstamos que se relacionan:

- Novos investimentos, a dotar:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €	CAMBIO DESTINO CAIXANOVA, 2005	CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2012	CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2013	CAMBIO DESTINO BBVA 2014
151.600.23.00	Expropiación de Terreos PXOM e outros	1.125.000,00	15.000,00	455.000,00	300.000,00	355.000,00
TOTAL.....		1.125.000,00	15.000,00	455.000,00	300.000,00	355.000,00

- Investimentos substituídos polos anteriores:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TOTAL DESESTIMENTO	CAMBIO DESTINO CAIXANOVA, 2005	CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2012	CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2013	CAMBIO DESTINO BBVA 2014
151.600.22.00	Expropiación de Terresos PXOM e outros	125.000,00		125.000,00		
151.609.22.03	Inv. Nova. Infraestruc.e Bens Uso Xeral. PXOM	330.000,00		330.000,00		
151.609.23.03	Inv. Nova. Infraestruc.e Bens Uso Xeral. PXOM	300.000,00			300.000,00	
151.619.24.00	Outros Investimentos en Infraestructuras. Proxectos mellora Entorno Rural	200.000,00				200.000,00
231.0.622.25.00	Inv. nova. Edificios. Serv. Sociais.	15.000,00	15.000,00			
450.0.610.24.00	Inv. Reposic. Proxectos pav. Vías urbanas	20.000,00				20.000,00
450.0.610.24.01	Inv. Reposic. Proxectos pav. Vías Rurais	88.016,80				88.016,80
450.0.610.24.04	Inv. Reposic. Humanización Rúas	41.226,66				41.226,66
930.641.24.00	Inv. Novo. Programas informáticos. Serv. Económicos	5.756,54				5.756,54
TOTAL.....		1.125.000,00	15.000,00	455.000,00	300.000,00	355.000,00

>>

**5º.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1/A/2015 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 14/2015); SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-04-2015.**

**Sr. Alcalde:** O punto número quinto é o expediente de suplemento de crédito nº 1/A/2015 de modificación de crédito nº 14/2015, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas. Ten a palabra D. Alberto Blanco, Concelleiro de Facenda.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, como consecuencia da anterior modificación de créditos se suplementa a aplicación 151.623.00 descrita como "expropiacións de terreos PXOM e outros", supléntase co importe total de 1.125.000 euros que se suma ao que xa consta nesta partida por valor de 75.000 euros.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha intervención?. Ten a palabra Dona Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Gracias Alcalde. Ben, manifestar, como xa fixemos na Comisión, que dende logo non vamos a apoiar esta

modificación, este suplemento de crédito, porque, sen ir máis lonxe, deixa unha vez máis ás claras cal é a tónica deste goberno, é dicir, un presuposto, un orzamento con dez días escasos de vida e estamos facenda unha modificación, unha modificación de calado, unha modificación que deixa claro como, primeiro, non se cumpriron como dicían antes os compromisos que había e, por tanto, vostede dicía antes "fixemos os deberes", se os deberes era desatender ao rural, entón si que os fixeron, porque o diñeiro que queren vostedes suplementar agora esta partida era en parte para atender ao rural e en parte para atender as vías do casco urbano, non hai máis que saír e ver como están, por eso, como dicimos, apoiar esta chapuza improvisación de modificación dun orzamento con escasos días de vida, porque si vostedes tivesen esa previsión, dende logo xa o tiñan que ter feito doutro xeito. Ademais vostede nos falaba de acometer esa ampliación, dende logo si entendemos que os estradenses quixeran esto cando o solicitaron, cando asinaron, cando fixeron esa recollida de sinaturas, pero a realidade cambiou, as prioridades dos veciños e veciñas cambiaron. Dicía vostede e falaba dos datos do paro, ao mellor tamén quixo obviar vostede que nos últimos datos obtidos todos os da comarca baixan excepto os do Concello da Estrada e outro Concello gobernado tamén polo seu partido; por tanto, mentres o resto da provincia, o resto de Galicia mellora os seus datos, nós seguimos empeorando os datos do paro, e a realidade é esa, os mozos e mozas da Estrada se tiveron que ir, marchar a Suiza ou Alemaña, e nós seguimos a dicir que vamos a ampliar a Alameda con ese importe importante de diñeiro, seguimos dicindo que vamos a pensar que as prioridades da Estrada son estas, como cando se recolleron esas firmas, que non cambiou nada, cando as familias incrementaron os seus membros en paro e xa non perciben nin sequera prestacións; por eso, como dicimos, vostede leva catro anos mentindo e falseando datos, contando a súa verdade e a súa versión, perdón, e como dixó vostede fai un momento, non é opinable dicía vostede polo tema da Alameda, bueno, será opinable ou non, pero a realidade cambiou e a situación tamén. Tamén dicía vostede, tamén preguntaba vostede en que vila viviamos, e eu preguntolle en que concello vive vostede Sr. Alcalde?, a caso non ve a realidade dos veciños e veciñas?, a caso non ve as necesidades?, a falta de traballo?; vostede está cómodo no seu sillón de máis de 400 euros que se comprou, que nos dixó que como vostede era moi alto necesitaba un sillón máis caro que os demais, pero os veciños e veciñas siguen cada día pensando en como van a chegar a fin de mes, como van a levar os seus rapaces á escola; ese é o concello no que nós vivimos, non sei en cal vive vostede Sr. Alcalde, plantéxese eso. Por eso, dende logo, non vamos a apoiar esta ampliación da Alameda, porque, como dicíamos, se pode destinar a outras cousas e non fai falta enganar aos veciños e veciñas con mentiras, con falsedades, con titulares de prensa, cando a realidade e outra, por iso, como dixer, non vamos a apoiar ese destino deste diñeiro á ampliación nestes momentos, poderá estudiarse noutros momentos, poderemos incluso apoiála, pero este non é o momento, non é prioritario nestos momentos facer este cambio. Gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sra. Belén Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Si, como xa dixer antes, o Partido Popular manexa a historia segundo lle interesa e senón a cambia non?, é especialista neso. Fálase nos na documentación que se nos presenta para estes puntos, tanto para o punto catro como para o punto cinco, sobre todo no que é a Providencia da Alcaldía, esta é unha maneira de mostrar nos Tribunales, ante os recursos presentados pola tramitación do Plan Xeral, un deles pola falta da capacidade económica para levalo a cabo, sería unha maneira de mostrarlle que si hai capacidade, que está ben presupostada, que a situación económica é solvente para levar

a cabo este Plan Xeral, o problema é de onde van a saír os recursos para o resto das cuestións, cuestión que como xa lle dixen teñen máis interés para os veciños e veciñas da Estrada, e non realmente esta ampliación da Alameda. Eu creo que non hai veciño da Estrada que non coincida en que si sobraran esos cartos estiveran feitas outras actuacións máis importantes; claro que todo o mundo quereda ampliar a Alameda da Estrada, todo o mundo!, eu tamén, si tiveran todos as miñas necesidades vitales cubertas, as miñas fillas xa traballando, me gustaría adicarme un ano a recorrer, por exemplo, Canadá non?, pero non podo porque teño outras prioridades, hai outras prioridades máis importantes que primeiro hai que levar a cabo, pero bueno, xa sabemos cales son as prioridades do Partido Popular. Hai unha frase que a min me resulta moi graciosa que é "a idoneidade tamén ven dada polos prezos actuais do mercado que supoñen un importante aforro para as arcas municipais, dado que nos atopamos nun momento no que os mermos acadaron probablemente uns mínimos derivados da situación de crise económica", aquí hai que poñer dúas cuestións, unha delas xa a dixen o outro día na Comisión, home, si temos uns técnicos tan bos que son capaces e coñecen tan ben a situación do mercado, case é mellor que todos os veciños e veciñas da Estrada deixemos todos os nosos traballos e nos dediquemos a vir aquí a facer consultas aos nosos técnicos ou ao goberno sobre o mercado mobiliario, porque ao mellor temos que deixar de traballar porque podemos enriquecernos todos non?, porque bueno, se se coñece tan ben o mercado mobiliario... Pero bueno, tamén poden baixar bastante máis, porque tendo en conta as políticas que está levando o Partido Popular, que está levando á absoluta ruína económica á maioría dos cidadáns deste país, os prezos van a baixar moitísimo máis, co cual é moito mellor facer outras necesidades máis importantes, de máis necesidade para todos os veciños e veciñas da Estrada e unha vez que toquemos fondo, porque algunha vez será o Partido Popular da Estrada, de Santiago e de Madrid..., entón a partir de aí poderemos empezar a levantar cabeza, sobre todo cando salgan de Santiago, a partir de aí os galegos poderemos empezar a levantar cabeza; a partir do 24 xa van a saír dese sillón e haberá outra persoa sentada aí e entón levantaremos cabeza non?, pero mentras tanto entón é mellor esperarnos, dedicamos os cartos a outra cuestión e xa toquemos fondo entón podemos mercar esos terreos porque van a estar bastante máis baratos.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños, moi boa disertación. Pasaron de novecentos a mil novecentos sesenta, esa é a realidade que viviron vostedes durante catro anos, non é que duplicaran senón que incrementaron 2,5 veces o paro na vila da Estrada, esa é a súa realidade e creo que sempre tivemos bastante cortesía na relación do tema do paro, porque eu sigo entendendo que non é unha responsabilidade directa do goberno municipal de turno, pero parece que a vostedes si lles interesa mezclar ese tema, entón lle digo a realidade que viviron vostedes, eu si quere lle enseño o gráfico donde dispararon tristemente a taxa de desemprego nesta vila. Cando fala vostede dos rapaces que van ao colexio, eu sólo lle digo que este Concello puxo en marcha tres comedores escolares durante estes catro anos, tres!, tres comedores escolares nos colexios públicos da Estrada, tres!, que están funcionando de forma extraordinaria e que están dando servizo ás familias que teñen que conciliar a vida familiar e laboral. Cando falan de prioridades do PP e da prioridade da Alameda?, eu si queren poder votar aquí hasta as doce da noite da pegada de carteles e falar das prioridades do PP, fálolle do Plan Xeral, que foi unha prioridade fundamental; fálolle da ampliación do Pérez Viondi, que foi unha obra que fixo este goberno; fálolle da Casas das Letras, que foi a primeira vez que investimos 600.000 euros nunha nova biblioteca para todos os mozos e mozas que levaban pedindo máis de quince anos; fálolle do novo espazo que creamos na Baiuca, vostedes ca súa miopía política sólo ven o novo campo de fútbol e eu o

que vexo e unha nova oportunidade histórica na Estrada para ter máis de vinte mil metros cadrados a custe cero para construír a nova zona de futuro, a nova zona de servizos de futuro da Estrada, que xa lle digo que de forma inmediata vamos a empezar á redacción do proxecto da construción da Gardería nesta nova zona da Baiuda, para eso sirveu a construción do novo campo de fútbol, para librar os terrenos e sacarnos o lastre de máis de vinte anos de que A Estrada non tiña un solo metro cadrado de terreno de titularidade municipal, nin un só metro cadrado!, e saben vostedes que esa é a realidade, con esa xogada estratéxica conseguimos liberal 20.000 metros cadrados no corazón, no centro do casco urbano da Estrada para construír a nova zona de servizos públicos. Cando falan de prioridades eu fálolle de construír o novo Centro de Saúde, vostedes falan de cambiarlle catro portas e de facerlle dúas chapuzas, eu falo de construír e de ambicionar a construción dun novo Centro de Saúde. Cando vostedes falan de prioridades, eu falo do novo Mercado, dun proxecto de Praza de Abastos cun centro de atención a persoas con Alzheimer, do proxecto que vamos a licitar de forma inmediata a construción por primeira vez na Estrada dun centro de atención a persoas maiores e prevención da dependencia que nunca existeu, xa non digo na realidade, senón e ningún programa electoral de ningún partido político e nós temos o proxecto, o diñeiro e o sitio para acometelo. Cando falan vostedes de prioridades, falo de máis de dez millóns de euros que se invertiron en infraestruturas no rural nesta lexislatura, dez millóns de euros!, entre os que lles destacaría a carretera Portela-Souto de Veá (un millón de euros), dous millóns e medio na carretera Liñares-Balboa ca primeira e segunda fase, o plan de asfaltados e melloras de viario no ámbito rural..., dez millóns de euros de inversión que non caeron do ceo eh?. Cando fala o Sr. Magariños de problemas de interlocución con outras administracións?, ja, é que a min..., a verdade é que a veces certifica.... a veces certifica a súa desconexión, dos dous partidos da oposición, a súa desconexión total ca cidadanía e co pobo onde viven, a veces esas cuestións chegan a límites insospeitados, tan insospeitados, están tan desconectados da realidade casi, casi como fai catro anos cando o Partido Socialista dicía que iba a sacar catro concejales, casi tan desconectados como daquela, perderon a conexión coa realidade social, perderon o contacto coa cidadanía, non saben o que a cidadanía está vivindo e non saben o que pasou durante catro anos, porque simplemente non estiveron ao seu lado e esa é unha realidade, unha realidade que lles costa asumir e que agora intentan correr como mal pagador, o que intenta pagar a última hora para que non lle cerren a liña de crédito non?, pero non vale, hai que estar pagando os catros anos para que a xente lle dea credibilidade non?, e non aparecer tal, mal e arrastro para intentar facer que se fai cando non se fixo nada. Entonces, a min que me falen de prioridades ou que me falen de previsións imposibles, de que non exista unha previsión da expropiación dos terreos, imposible, porque non tiñamos un proxecto de expropiación, nós non sabíamos cal era a valoración real dese solo, para eso necesitábamos un proxecto e ese proxecto foi redactado no mes de abril polos técnicos municipais e se fixo un estudio, unha investigación da propiedade, despois se fixo un proxecto de expropiación e ese proxecto de expropiación e eso é o que nos arroxa a cantidade necesaria para facer o investimento da expropiación dos terreos, e ese momento é cando o Concello ten que pór en marcha para adoptar nunha única partida a cantidade total. Pero saben por qué temos a cantidade total?, porque tiñamos o diñeiro, é certo que o tiñamos en partidas do ano 2012, do ano 2013, e agora se van e agora se van a unir nunha única partida de expropiación de terreos do Plan Xeral, onde vai a haber consignados 1.600.000 euros, que é o que necesitamos para a expropiación para a ampliación dos Xardíns municipais. Aí está!, eu xa sei que vostedes non o queren ver, pero esa é, dende logo, unha realidade incuestionable.

Polo tanto, eu creo que é redundar outra vez sobre os mesmos argumentos, eu me quedo con algún artigo que saía estes días na prensa, eu creo que non podemos merecer menos que ambicionar un mellor futuro para A Estrada e creo que ambicionar un mellor futuro para A Estrada e pensar no futuro dos estradenses é non tomar a decisión equivocada e garrafal de permitir construír, como permitía o seu Plan Xeral na zona de ampliación dos xardíns, porque vostedes xa tiñan entregado... eu entendo que vostedes non apoiem isto porque xa non o apoiaron cando eran goberno, vostedes entregaran esa propiedade e non se planteaban e ningún caso facer unha ampliación pública, nós o dixemos no programa electoral fai catro anos, o noso programa electoral está en vigor e está vixente, polo tanto nos comprometimos con todos os estradenses a cumprir con ese programa e ir a unha expropiación e ampliación pública dos Xardíns municipais e, polo tanto, estamos cumprindo coa palabra dada, e este goberno quere seguir cumprindo cos veciños da Estrada.

Así que si lles parece procedemos a votar este punto número cinco que é o do suplemento de crédito 1/A/2015 de modificación de crédito. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8) e do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente de suplemento de créditos número 1/A/2015, financiado con baixas de crédito, iniciado ante a urxente e inaprazable necesidade, segundo se xustifica na providencia e na memoria da Alcaldía, de tramitar o expediente de expropiación de terreos para ampliar a alameda municipal e poñer en marcha as actuacións previstas para o primeiro cuatrienio de execución do PXOM.

Visto que constan no devandito expediente a seguinte documentación:

- Providencia da Alcaldía de incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito con cargo a baixas de crédito noutras aplicacións.
- Memoria da Alcaldía-Presidencia xustificativa da necesidade de concesión de suplemento con cargo a baixas de crédito noutras aplicacións.
- Proposta da Alcaldía-Presidencia, de 28-04-2015.
- Certificación da Intervención municipal, acreditativa da inexistencia de crédito orzamentario suficiente segundo a súa natureza para a realización de gastos específicos e determinados que non pode demorarse ata o exercicio seguinte.
- Certificación da Intervención municipal acreditativa da dispoñibilidade de crédito en aplicacións con baixas de crédito.
- Informe emitido pola Intervención municipal con data 28-04-2015.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 30-04-2015.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Apróbase o expediente de suplemento de crédito número 1/A/2015 (modificación orzamentaria número 14/2015) con cargo a baixas de crédito noutras aplicacións financiadas con préstamos, unha vez acordado o cambio de destino dos mesmos, de acordo co seguinte detalle:

## I. GASTOS:

### APLICACIÓN Á QUE SE DOTA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	SUPLEMENTO DE CRÉDITO IMPORTE €	CAMBIO DESTINO	CAMBIO DESTINO	CAMBIO DESTINO	CAMBIO DESTINO
			CAIXANOVA, 2005	CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2012	CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2013	BBVA 2014
151.600.23.00	Expropiación de Terresos PXOM e outros	1.125.000,00	15.000,00	455.000,00	300.000,00	355.000,00
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO .....		1.125.000,00	15.000,00	455.000,00	300.000,00	355.000,00

## II. FINANCIACIÓN:

### BAIXAS DE CRÉDITO NAS SEGUINTE APLICACIÓNS:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TOTAL DESESTIMENTO	CAMBIO DESTINO	CAMBIO DESTINO	CAMBIO DESTINO	CAMBIO DESTINO
			CAIXANOVA, 2005	CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2012	CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2013	BBVA 2014
151.600.22.00	Expropiación de Terresos PXOM e outros	125.000,00		125.000,00		
151.609.22.03	Inv. Nova. Infraestruc.e Bens Uso Xeral. PXOM	330.000,00		330.000,00		
151.609.23.03	Inv. Nova. Infraestruc.e Bens Uso Xeral. PXOM	300.000,00			300.000,00	
151.619.24.00	Outros Investimentos en Infraestructuras. Proxectos mellora Entorno Rural	200.000,00				200.000,00
231.0.622.25.00	Inv. nova. Edificios. Serv. Sociais.	15.000,00	15.000,00			
450.0.610.24.00	Inv. Reposic. Proxectos pav. Vías urbanas	20.000,00				20.000,00
450.0.610.24.01	Inv. Reposic. Proxectos pav. Vías Rurais	88.016,80				88.016,80
450.0.610.24.04	Inv. Reposic. Humanización Rúas	41.226,66				41.226,66
930.641.24.00	Inv. Novo. Programas informáticos. Serv. Económicos	5.756,54				5.756,54
TOTAL.....		1.125.000,00	15.000,00	455.000,00	300.000,00	355.000,00

**Segundo.-** Este expediente de modificación de crédito que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención deste Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

**6°.- ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 30-04-2015.**



**Sr. Alcalde:** O punto número seis é o establecemento e regulación da taxa pola prestación dos servizos de axuda no fogar, segundo ditame da Comisión Informativa de Facenda.

Ten a palabra o Concelleiro de Persoal, D. Alberto Blanco.

**(NESTE MOMENTO SE AUSENTE DA SESIÓN O CONCELEIRO DO PSdeG-PSOE D. MANUEL OTERO ESPÍÑO)**

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, trala aprobación no seu día do Regulamento de Axuda no Fogar e Teleasistencia e trala adxudicación á nova adxudicataria do contrato, cumpre proceder a cambiar o que era hasta agora un precio público por unha Ordenanza sobre a tasa; así se establece de acordo cos informes que figuran no procedemento e que se traen a votación tras o dictamen favorable da Comisión correspondiente.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, algunha intervención?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Como xa lle adiantei na Comisión, nós imos a votar en contra desta modificación, bueno, desa aprobación das taxas de axuda no fogar, por dúas cuestións. Por unha é que o precio que se propón é o máximo permitido pola lei, cando a propia a lei, tanto o Real Decreto Lexislativo 2/2004, como o artigo 44, perdón, o artigo 44 e o artigo 25 da Lei 8/1989, permite facer unha modulación deste cobro non?, fala, por exemplo, que "cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen poderán sinalarse precios públicos que resulten inferiores aos parámetros previstos no apartado anterior, previas as previsións orzamentarias oportunas para a cobertura do prezo subvencionado"; osea, podemos facer unha horquilla de precios e non ir ao máis alto non?. Está claro que estamos a falar dun cobro que está regulado por normativa autonómica, tanto o Decreto 99/2012 como o Decreto 149/2013, que obriga a cobrarlle ás persoas cuns mínimo de ingreso, pero estamos falando dun dos máis caros para os usuarios. O Concello debe, pode usar os poucos instrumentos que permite a lei para modular este cobro non?, para cobrarlle a todo o mundo igual.

Outra cuestión pola que imos a votar e contra é pola que non se reflicte dun xeito moi claro o cálculo da capacidade económica de cada quen, en xeral a normativa á que se remite para facer o cálculo, polo que resulta pouco claro e transparente o que aquí se nos presenta.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños. Ten a palabra D. Alberto Blanco.

**(NESTE MOMENTO SE INCORPORA Á SESIÓN O CONCELEIRO DO PSdeG-PSOE D. MANUEL OTERO ESPÍÑO)**

**Sr. Alberto Blanco:** Penso que está trabucado o Sr. Magariños no que nos cálculos..., donde hai límites é nos porcentaxes, nós estamos indo a unha cantidade bastante máis baixa que o máximo que permite a lei; faise un estudio económico feito por Intervención sobre todo en referencia ao que foi o contrato de concesión, a oferta máis baixa que foi a que gañou o concurso, incluso eso quere decir que o precio podía ser máis alto, en base a eso o que se aplica é un porcentaxe que vai en base ás condicións económicas do beneficiario e que aparece recollido no Regulamento que foi aprobado no seu día polo Pleno do Concello.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois procedemos a votar este punto número seis do establecemento e regulación da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11), en contra do BNG (1) e abstencións do PSdeG-PSOE (8), o seguinte **ACORDO:**

Visto expediente da taxa pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar.

Vista a Memoria-Proposta do Concelleiro de Facenda, de data 27-04-2015.

Visto o informe de Intervención asinado o 28-04-2015.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 30-04-2015.

E de conformidade co disposto 15 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Apróbase provisionalmente a imposición da taxa pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar.

**Segundo.-** Apróbase provisionalmente a Ordenanza reguladora da taxa referida no apartado anterior, consonte ao texto que se transcribe:

#### *ORDENANZA FISCAL*

##### *DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (O.F. nº 30)*

#### *ARTIGO 1. FUNDAMENTO*

*No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 da Constitución; 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 57 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo R. Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello da Estrada establece a taxa pola prestación dos servizos de axuda no fogar, regulada pola presente ordenanza fiscal de acordo co disposto nos artigos 15 a 19 do dito texto refundido.*

#### *ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE*

*Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos básicos e complementarios de axuda no fogar consonte á regulamentación aprobada por este Concello.*

#### *ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS*

*1. Están obrigados ao pagamento desta taxa, de acordo coa súa capacidade económica, as persoas que se beneficien polos servizos de axuda no fogar e de teleasistencia prestados polo Concello da Estrada.*

*2. Se a persoa beneficiaria dos servizos carecese de capacidade para obrar, a obriga de pagamento recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.*

#### ARTIGO 4. RESPONSABLES

*A esixencia da responsabilidade e a determinación das persoas responsables realizarase nos termos establecidos na Lei Xeral Tributaria.*

#### ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS

*Non se outorgarán outros beneficios que os previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.*

#### ARTIGO 6. CONTÍA E CUSTOS DOS SERVIZOS

*1. A fixación da cota tributaria está rexida polos criterios de capacidade económica e de participación económica indicados nos artigos 21 a 24, ambos incluídos, da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.*

*2. Anualmente, o departamento de benestar social solicitará de cada unha das persoas beneficiarias a documentación pertinente para actualizar a súa capacidade económica e, se é o caso, a redución aplicable aos custos do servizo.*

*3. Con referencia á data de entrada en vigor desta ordenanza, en tanto non se proceda a unha nova estimación, os custos son os seguintes:*

*A) Servizo de axuda no fogar:*

*- modalidade de prestación básica.....: 11,11 euros / hora.*

*- modalidade de prestación a persoas dependentes...: 11,75 euros / hora.*

*B) Servizo de Teleasistencia.....: 19,45 euros / mes.*

#### ARTIGO 7. DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO

*1. A obriga do pagamento nace dende o inicio da prestación do servizo e manterase en tanto non concorra algunha das causas sinaladas no artigo 17 da ordenanza reguladora.*

*2. O período impositivo será mensual.*

#### ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

*1. O departamento de benestar social, dentro dos cinco primeiros días de cada mes, comunicará á oficina xestora unha relación comprensiva das altas e baixas producidas no mes anterior, con indicación das contas bancarias das persoas obrigadas ao pagamento, así como dos servizos prestados e demais datos necesarios para liquidar. As matriculas ou listas cobratorias aprobaranse pola Alcaldía ou órgano en que delegue.*

*2. O pagamento realizarase a mes vencido mediante a domiciliación bancaria que as persoas beneficiarias deberán ter comunicado por escrito ao departamento de benestar social.*

*3. O suxeito pasivo que, por causas derivadas da organización do servizo, non recibise a prestación, será compensado co desconto proporcional ao tempo da interrupción, que se fará efectivo na mensuralidade en que se produciu a incidencia ou, como máximo, na seguinte.*

4. Procederase á baixa de oficio por mor da causa sinalada na alínea f) do artigo 17.1 da ordenanza reguladora do servizo a partir da terceira falta acumulada de pagamentos.

#### ARTIGO 9. AFECTACIÓN DE INGRESOS

En cumprimento do disposto no artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, os importes procedentes das persoas usuarias como participación no custo dos servizos sociais comunitarios quedan afectados ao financiamento dos servizos sociais recibidos.

#### ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

As infraccións e sancións rexeranse pola Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza, aprobada definitivamente o \_\_\_\_\_, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do primeiro día do mes natural seguinte á dita publicación.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o acordo plenario do 10 de outubro de 1997, regulador do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no fogar.”

>>

#### **7º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.**

**Sr. Alcalde:** O punto número sete, aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello da Estrada. A proposta deste goberno... vamos a propoñer que se elimine da Orde do Día, entendemos e comprendemos determinadas situacións de persoal que nos ten chegado no día de hoxe e no día de onte a trasladarnos a súa intención e a súa preocupación por participar de forma activa na elaboración da RPT, nos trasladaron ademais algún eles que, independentemente do traballo sindical, entendían que os propios, a nivel organizativo e a outros niveis, os propios traballadores municipais e xefes de departamento podían aportar na mellora do documento e, por suposto, este goberno ten toda a intención de sacar o documento.... desde logo non temos ningunha intención de non asumir a responsabilidade de aprobar a RPT, por suposto que si, pero entendemos tamén que esa proximidade co persoal funcionario nos fai reconducir esta situación e dar un prazo ou plantexar a apertura dun prazo de 20 días pactado co propio persoal onde o propio persoal (porque creo que os sindicatos xa tiveron a súa función e o seu traballo) funcionario e laboral poidan facer as súas aportacións en beneficio e mellora deste documento tan importante para a organización interna do traballo no noso Concello. Así que eu propoño deixar sen efecto o punto nº 7 e, polo tanto, pasamos... se retira da Orde do Día e pasamos ao punto nº 8.

Deixase este punto sobre a Mesa, procedéndose á apertura dun prazo de 20 días para que os traballadores municipais poidan presentar alegacións ao documento da Relación de Postos de Traballo.

**8º.- CATÁLOGO DE SECTORES PRIORITARIOS A EFECTOS DE PROCEDER A CONTRATACIONES DE CARÁCTER TEMPORAL OU NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.**

**Sr. Alcalde:** Punto nº 8, que é o catálogo de sectores prioritarios a efectos de proceder a contratacións de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos, segundo ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais. Para tratar este asunto ten a palabra o Concelleiro de Persoal, D. Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, visto as limitación legais que existe á contratación laboral por parte das administracións públicas, no caso concreto das Administracións Locais. Visto o dito pola Dirección Xeral da Administración Pública en relación ao que se debe definir... o que é un sector prioritario, para proceder ás contratacións dentro das limitacións que sinaléi antes, propoñemos declarar como sectores prioritarios do Concello da Estrada, prioritarios e básicos a efectos de proceder á contratación de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos, os seguintes: Accesos aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, Biblioteca Pública, tratamento de residuos, Protección Civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios, desbroces, instalacións deportivas de uso público, cultura, seguridade cidadá, Secretaría, Intervención e Tesourería.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias D. Alberto Blanco. Algunha intervención?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Vamos a manter o voto que fixemos na Comisión, un voto en contra desta proposta, porque, tal e como dixemos xa e se plantexou en ocasións anteriores, dende logo parécenos que o expediente debería ir máis detallado. As prazas son... A lei permite facer esto de xeito excepcional, a lei permite facelo en casos puntuais e o que entendemos que fai este grupo de goberno é abrir un café para todos, permite casi todas as funcións do Concello, que son prioritarias evidentemente, pero que ten que definir dentro de cada área que é prioritario e que non. Polo tanto, vamos a manter o noso voto en contra porque entendemos que se debe de definir dentro de cada área o que se vai a considerar prioritario e excepcional para poder manter o espírito da lei. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias Dna. Belén. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Como ben dicía a portavoz socialista, aquí entra todo non?, está claro que a lexislación (por certo, que tamén aprobou o Partido Popular en Madrid) non permite manobrar aos Concellos coa liberdade que requiría para dar resposta ás demandas, as necesidades dos veciños e veciñas dos seus respectivos concellos, no caso que nos atañe, do Concello da Estrada. Entonces, todo aquilo que permita saltar a lei está ben. Nós estamos dispostos a votar a favor desta proposta sempre e cando se contemple no que se vaia a aprobar que calquera contratación que se vaia a facer se vaia a traer a Pleno e se vaia a debater o criterio polo que se contrata e a necesidade ou non deste posto. O que si é que non vamos a dar un cheque en branco ao goberno, governe que governe, para facer este tipo de cuestións, poder facer contratos de xeito arbitrario. Si se contempla na Ordenanza, perdón, no que vamos a aprobar que se vaia a traer Pleno e

se vai a debater as necesidades contratación e as motivacións da contratación, damos o noso voto a favor, senón non.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, gracias Sr. Magarños. Ten a palabra o Sr. Blanco.

**Sr. Alberto Blanco:** Ben, invito aos dous grupos da oposición o informe de Secretaría, que dunha forma meridiana, se explica o que é un servizo esencial, o que é un servizo prioritario, e cales son as posibilidades de que dispón un concello de establecer cales son para eles cales son os seus servizos prioritarios. Eso non é a excepcionalidade, a excepcionalidade é a contratación, contratación que se faría a partir de establecer os sectores prioritarios, nunca antes, porque sin establecer os servizos onde se poden facer as contratacións non se pode facer unha contratación, contratación que chegado o momento, posterior a este de aprobación do sector prioritario, habrá que justificar debidamente porque si ten un carácter excepcional, pero sería a contratación e non o que é o establecementos dos sectores prioritarios, por eso volvo a recomendar do ilustrante informe de Secretaría.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias. Ben, procedemos polo tanto a votar este punto, que é o catalogo... a aprobación do catalogo dos sectores prioritarios a efectos de proceder á contratación de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE (8) e do BNG (1), o seguinte **ACORDO:**

Vista a Memoria xustificativa de servizos públicos esenciais e prioritarios a efectos de contratación de carácter temporal/nomeamento de funcionarios interinos, de data 08-04-2015, así como a documentación que figura nos seus Anexos nº 1 e nº 2.

Vista a proposta asinada o 08-04-2015 polo Sr. Alcalde, en relación ao asunto de referencia.

Visto o informe emitido o 28-04-2015 pola Secretaría Xeral.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 30-04-2015.

### **ACORDAMOS:**

Declarar como sectores prioritarios e/ou básicos a efectos de proceder a contratacións de carácter temporal ou nomeamento de funcionarios interinos, os seguintes: accesos aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, Biblioteca pública, tratamento de residuos, Protección Civil, prestación de servizos sociais, prevención e extinción de incendios, desbroces, instalacións deportivas de uso público, cultura, seguridade cidadá, Secretaría, Intervención e Tesourería.

**9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR MUNICIPAL D. JOSÉ MIGUEL FIGUEIRAS DURO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.**

**Sr. Alcalde:** O punto número nove é a aprobación, se procede, da compatibilidade do traballador municipal D. José Miguel Figueiras Duro, segundo ditame da Comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.

Si lles parece a proposta, podemos pasar a debater os dous puntos xuntos e proceder ás votacións separadas. Así que o punto número dez é tamén aprobación, se procede da compatibilidade do traballador municipal D. José Pablo Silva Villar.

Algunha intervención?. Pois procedemos a votar o punto número nove, que é a aprobación, se procede, da compatibilidade do traballador municipal D. José Miguel Figueiras Duro. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o escrito presentado con data 06-04-2015 (RE 3781) polo traballador D. José Míguez Figueiras Duro, polo que solicita compatibilidade para segunda actividade.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral o 16-04-2015.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Persoal, asinada con data 17-04-2015, en relación co asunto de referencia.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 30-04-2015.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Acceder ao solicitado polo traballador D. Miguel Figueiras Duro e recoñecer a compatibilidade para o exercicio da actividade de camareiro (fóra do seu horario laboral).

**Segundo.-** Notificar este acordo ao interesado (con enderezo en A Mota nº 10, Riobó – A Estrada), xunto co réxime de recursos, e inscribir esta incidencia no seu Rexistro de Persoal, de ser o caso.

**10º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPATIBILIDADE DO TRABALLADOR MUNICIPAL D. PABLO SILVA VILLAR; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE 30-04-2015.**

**Sr. Alcalde:** O punto número dez, que é a aprobación, se procede, da compatibilidade do traballador municipal D. José Pablo Silva Villar. Votos en contra?, abstencións?, a favor?. Moi ben.

Sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o escrito presentado con data 06-04-2015 (RE 3782) polo traballador D. Pablo Silva Villar, polo que solicita compatibilidade para segunda actividade.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral o 16-04-2015.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Persoal, asinada con data 17-04-2015, en relación co asunto de referencia.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 30-04-2015.

**ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Acceder ao solicitado polo traballador D. Pablo Silva Villar e recoñecer a compatibilidade para o exercicio da actividade de camareiro (fóra do seu horario laboral).

**Segundo.-** Notificar este acordo ao interesado (con enderezo en Vilagude nº 5, Moreira – A Estrada), xunto co réxime de recursos, e inscribir esta incidencia no seu Rexistro de Persoal, de ser o caso.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** Antes de pasar á parte de Control e Xestión non sei se hai algunha moción de urxencia?. Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**A) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A UTILIZACIÓN DO TRASPORTE PÚBLICO DOS RAPACES RESIDENTES NAS INMEDIACIÓNS DO CASCO URBANO PARA ACUDIR AO CEIP DO FOXO.**

**Sra. Belén Louzao:** Traemos hoxe aquí por urxencia unha moción, despois de escoitar aos veciños e representantes da ANPA do Colexio do Foxo, representantes tamén do Consello Escolar. Sabemos todos e coñecemos dende o mes de decembro, polos medios de comunicación, que existe un conflito neste colexio..., ben, máis que un conflito, unha solicitude, unha demanda perfectamente viable e absequible, se se quere dende a vontade política, que piden os pais, como dicimos, dende o mes de setembro estamos nun curso escolar a punto de acabar, que hai que ir planificando o curso que ven, por iso traemos esta moción por urxencia insistindo en que pedimos o apoio, tal e como nos comprometemos, da Corporación municipal para solicitar á Consellería de Educación que acceda á petición reiterada do Colexio de O Foxo a través do Consello Escolar, da ANPA e das sinaturas de distintas familias, para que permita utilizar o servizo de transporte público aos rapaces que acuden dende as inmediacións do casco urbana ata o dito colexio.

É unha proposta que non vai, evidentemente, contra ningún centro, entendemos que esta oito familias se lles facilitaría a conciliación familiar e laboral a que xa se fixo mención neste Pleno en varias ocasións no día de hoxe, por eso cremos que a lei permite, dentro da excepcionalidade, autorizar esta parada. O servizo xa existe, o autobús non tería que incrementar os seus servizos, as coidadoras dáse a casualidade que tamén toman o autobús no casco urbano, polo tanto non sería necesario incrementar gastos, solamente sería cuestión de vontade para facilitar o acceso do transporte escolar a estas familias.

Como dicimos, entendemos que eso non prexudica a ninguén, ningún colexio sae prexudicado por algo que xa está a acontecer, o único que se fai é facilitar a vida das familias na súa conciliación. Por iso a nosa proposta é solicitar á Consellería de Educación que acceda á petición reiterada dende o Colexio do Foxo para permitir utilizar o servizo de transporte público dende as inmediacións do casco urbano a estas familias e que de paso se atenda tamén a súa segunda demanda e que é unha entrevista co señor Conselleiro. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, bueno, tiña que ter fundamentado vostede a urxencia e non haber entrado no fondo da cuestión, porque creo que non procedía neste momento, eu creo que o que procede agora e, desde logo, eu creo que non ten... acaba describir.... acaba de dar vostede a urxencia do asunto...

**Sra. Belén Louzao:** A fundamentei.

**Sr. Alcalde:** Á urxencia do asunto acaba de darlle vostede a que ten...



**Sra. Belén Louzao:** Xa que o curso está rematado, hai que planear un novo curso escolar, se esa non é a urxencia....

**Sr. Alcalde:** Coincidimos no fondo, creo que todos, todos!, absolutamente todas a forzas políticas, creo que hubo nalgúns temas, creo que sempre hubo un nivel de consenso importante, un deles foi no ámbito educativo, creo que hasta de agora sempre hubo bastante responsabilidade das forzas políticas en intentar non politizar ningún tema que teña vinculación e relación directa co mundo educativo, creo que debe seguir sendo así, é a miña humilde opinión, e ademais coincido en que posiblemente haxa que buscarlle unha solución a este tema de cara ao próximo curso escolar, en setembro. Polo tanto, o máis sensato e razoable, tendo en conta que non debemos deixar pasar o tempo, que o pasemos por unha Comisión Informativa, que busquemos un acordo conxunto das forzas políticas para representar o que é a solicitude, a petición da comunidade educativa do Foxo no marco dunha convivencia harmónica de todos os centros educativos da Estrada, e creo que o razoable, o sensato e o que se leva facendo sempre nesa situación.

Polo tanto eu creo que, unha, xa a propia voceira socialista non xustificou a urxencia sabendo, evidentemente, que non o é, que non é urxente, e o vamos a emplazar, loxicamente, a unha Comisión de forma inmediata para debatir, e eu creo que podemos chegar todas as forzas políticas a un acordo unánime, como sempre se fixo neste tipo de asuntos.

Votamos a urxencia desta cuestión....

**Sra. Belén Louzao:** Disculpe. Non podo facer unha intervención?, porque si fale da urxencia, é dicir, a urxencia senón é urxente cando estamos a finais dun curso e hai que planear o curso que ven, é dicir, senón é urxente que o seguinte Pleno será o Pleno de constitución no mes de xuño, o seguinte estamos falando a finais do mes de xuño, xa dende logo o curso escolar a planificación a teñen que facer, si eso non é urxente non compartimos o seu diagnóstico. Polo tanto nós reiteramos a urxencia desta moción e pedimos que se trate. Non vamos a dicir nada de que xa se nos emplazou para que deixáramos sobre a mesa outra moción sobre servizos sociais do Concello da Estrada, do ambulatorio, para ir a unha Comisión de Servizos Sociais, e non se convocou. Entón cremos que si é urxente polos prazos nos que estamos, é dicir, si foi urxente debatir os temas anteriores que se faláron aquí no último Pleno, non é urxente debatir no mes de maio, cando o curso escolar se termina?.

**Sr. Alcalde:** Hai catro meses para o inicio do próximo curso escolar, todos coincidimos en que ademais hubo estos días, non sei se teñen vostedes coñecemento dunha reunión da federación de pais para tratar este e algúns outros asuntos, eu creo que era bo ter a opinión de todo o mundo e creo sinceramente, unha, non vexo as prisas e a urxencia e, outra, creo que debemos intentar debatir este tema no seno dunha Comisión, onde creto, e estou convencido ademais que imos a chegar a acordos que van a ser positivos no ámbito educativo. Non creo que é o tema politizar a educación, é algo que non debemos caer nese simplismo non?. É a miña opinión e a miña aportación. Sr. Magariños, en relación a urxencia deste asunto, ten vostede a palabra.

**Sr. Xosé Magariños:** Simplemente, bueno, polo que vexo o Partido Popular vai a votar en contra da urxencia, pero o que si ao mellor un o dous puntos que sacaba a voceira do grupo socialista e trasladar o apoio a este colectivo de pais e nais para que o recibira o Conselleiro, eu creo que aí si podíamos chegar a un acordo. Eu creo que é bastante máis sensible o Conselleiro e o Delegado Provincial, dende logo non é de recibo como tratou a este

colectivo de cidadáns o Delegado Provincial e, ademais, cónstame que lle van a trasladar unha petición que ten cabida dentro do Decreto de transporte non?, a instrución 3/2014, para reconducir un pouquiño a obstinación que tuvo a Delegación Provincial e non concederlle esta parada, a parada non, a parada xa a había. Bueno, eu creo que aí si podemos chegar a acordo a tres forzas de trasladarlle á Consellería de Educación que reciba o máis temprano posible a estos pais e nais.

**Sr. Alcalde:** Estamos de acordo Sr. Magariños. Eu creo que eso é un acordo da Xunta de Portavoces, onde os portavoces das forzas políticas..., non ten moito sentido que o Pleno acorde solicitar que o Consellería de.... bueno!!!, Sr. Magariños, non vamos a desprestixiar unha institución como é un Pleno facendo un acordo solicitando a un Conselleiro que reciba a un colectivo, eu creo que temos que, evidentemente, temos que facer un acordo as tres forzas políticas, un escrito onde se lle diga ao Conselleiro, a través do Concello de forma oficial, porque ademais eu sei e coñezo ao Conselleiro non ten ningún problema en reunirse con nadie e, por suposto, neste caso menos todavía, e lle traslademos vía Alcaldía, eu me comprometo a trasladarlle a petición deste colectivo para que no tempo máis pronto posible se poida reunir con eles. Pero bueno, tomar un acordo plenario nestes temas é xa irnos a límites que non teñen moito sentido, así que eu comprométome a facer esa xestión e se queren, incluso a reforzala cun escrito das tres forzas políticas, dos voceiros, onde se lle inste ao Conselleiro, non vai a facer falta, xa llo digo, pero si é necesario se fará así.

Votamos a urxencia desta cuestión, votos en contra da urxencia?, votos a favor?, abstencións?. Recházase a urxencia.

Sometida a urxencia a votación, esta é rexeitada polos votos a favor do PSdeG-PSOE (8) e BNG (1), e polos votos en contra do PP (11).

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** Non sei se hai algunha outra moción de urxencia por parte do resto das forzas políticas?. Pois non habendo máis mocións pasamos a parte de Xestión e Control.

## **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

### **11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 1 E 30 DE ABRIL DE 2015 (AMBOS OS DOUS INCLUIDOS).**

**Sr. Alcalde:** O punto número 11, dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o día 1 e 30 de abril de 2015.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre os días 1 e 30 de abril de 2015 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## 12°.- ROGOS E PREGUNTAS.

**Sr. Alcalde:** O punto número 12 é o de rogos e preguntas. Non sei se hai algún rogo ou pregunta?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Unha era precisamente esta... de trasladarlle ao Consellería que se reunira coa ANPA. Por certo, perdín unha aposta, porque apostei que non faría falta que trasladara esta petición ao Concello, que o Conselleiro os ía a recibir, perdín a aposta, entón o Conselleiro me ten que pagar porque é culpa del.

A outra cuestión que lle quero trasladar, bueno, que me trasladan afectados pola situación na que está o quiosco da Alameda e cales son as alternativas que ten o goberno para o mesmo.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Pois é unha boa cuestión esa Sr. Magariños. Sabe vostede que os quioscos, tanto da Alameda como o da Praza do Mercado, foron concedidos a través dunha concesión administrativa no ano 2006 e esa concesión administrativa tiña unha duración de 10 anos, prorrogables por outros 10 anos máis; digamos que o primeiro período remataría o 30 de xaneiro do ano 2016, pero existen unha serie de cláusulas de rescisión do contrato anticipadas no caso de incumplimento por parte da concesionaria. Neste caso é claro (evidentemente non o podo xustificar)....

(ruído)

**Sr. Alcalde:** Non sei se deron conta que están nunha sesión plenaria. Pediría algo de respecto polas persoas que están aquí.

Como dicía, hai uns motivos, unhas cláusulas de rescisión de ese contrato, unha delas é o peche da actividade durante máis de 3 meses consecutivos, parece que todo se cumpreu, pero digamos que os quioscos..., hai unha cláusula no contrato que di que os quioscos pasarían a ser de titularidade municipal no caso de finalización, pero estamos valorando a opción de que se se pode assimilar finalización e rescisión, porque no caso de que poderamos assimilar a finalización do contrato coa rescisión do contrato esos quioscos pasarían a ser xa propiedade municipal. Si non pudéramos ou fóramos capaces de facelo así, teríamos que esperar ata o 30 de xaneiro de 2016 para poder exercer esa cláusula e poder quedarnos en propiedade cos quioscos. A día de hoxe a empresa concesionaria, como sabe vostede, está en concurso de acredores, polo tanto hai un administrado concursal e xa se falou con el e estamos a espensas que nos comuniquen a súa decisión; no caso de que poderamos facernos de forma inmediata coa propiedade pois, evidentemente, o Concello intentaría sacar unha nova concesión para cubrir os servicios dos quioscos, sempre, e eu creo que neso coincidiremos todos, a través dalgún colectivo ou asociación sen ánimo de lucro que permita, bueno, pois, influír sobre algún colectivo desfavorecido da nosa vila non?, creo que eso é importante destacalo e nesa liña temos que ir, pero estamos pendentes de poder acreditar de que o Concello xa é titular desas instalacións, porque outro paso sería a desmontaxe das mesmas e obrigaríanos á nova concesionaria a facer unhas novas instalacións, entón eu creo que vale a pena esgotar esa vía de rescindir o contrato e intentar assimilar esa rescisión con finalización e se quedara o Concello coa titularidade dos elementos construtivos.

Non sei se hai algunha outra cuestión?, algún outro rogo?, pregunta?. Pois antes de dar por finalizado este previsible último Pleno desta Corporación municipal, saben vostedes que dentro do Regulamento de Participación Cidadán calquera persoa, previa identificación con DNI, pode pedir a palabra para facer un rogo ou unha pregunta que desexa ou que considere oportuno. Non sei se hai

alguén que queira intervir?. Pois se non hai ningún rogo e ningunha pregunta, eu quero agradecerlle a todos os integrantes deste Pleno estos catro anos de xestión, eu creo que foron catro anos produtivos nos que intentamos traballar todos en equipo en interés... polo interés da Estrada e creo e desexo a todos moita sorte de cara ás próximas eleccións municipais e que os resultados sexan en beneficio do noso querido pobo. Moitas gracias.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas cinco minutos.

A Estrada, 7 de maio de 2015  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso